

EXPEDIENTE:	2024/00016606T
PROCEDEMENTO:	Anuncio da data do segundo exercicio da oposición

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUEDA LIBRE, DUNHA PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, TÉCNICO/A DE ARQUIVO, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (SUBGRUPO A1)

O tribunal, na xuntanza de hoxe, acorda sinalar o día 9 de xullo de 2024, as 10:00 horas da mañá, nunha das dependencias da Policía Local, sita na rúa Trinidad desta cidade de Santiago de Compostela, para a celebración do segundo exercicio do proceso selectivo de referencia.

Segundo determina a Base Sexta, punto 4 das Bases específicas do proceso publicadas o luns 16 de xaneiro de 2023, no BOP, a proba de carácter obrigatorio e eliminatorio consistira:

4.1. Consistirá en desenvolver por escrito, durante un tempo máximo de 150 minutos, dous temas que poderán elixir de entre os catro obtidos mediante sorteo público realizado polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio entre todos os relacionados no temario anexo a esta convocatoria.

4.2. Posteriormente, serán convocadas oportunamente polo tribunal para realizaren a lectura pública dos temas, que fará cada aspirante e que poderá ser o mesmo día do exercicio escrito. O tribunal poderá solicitarlles ás persoas aspirantes as aclaracións ou explicacións complementarias que considere oportunas.

4.3. Valoraranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e a orde das ideas, a estrutura da exposición, a precisión da linguaxe utilizada, a facilidade da exposición escrita e a capacidade de síntese. A cualificación global deste exercicio será de 0 a 30 puntos. Cada tema cualificarase cun máximo de 15 puntos e será necesario acadar unha puntuación mínima de 7,5 puntos en cada un deles para superalo. As persoas aspirantes que non obteñan o mínimo de puntuación serán eliminadas. O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima de acordo cos criterios descritos.

As persoas aspirantes terán ampla liberdade no referido á forma de redacción.